gramaTICaula

Índice de contenido

gramaTICaula....1
Introdución....2
Hot Potatoes....2
Aula Virtual....2
¿Por que contidos gramaticais?....3
Obxectivos e contidos....3
Obxectivos....3
Obxectivos básicos....3
Contidos....4
Unidad 1. El morfema y la palabra....4
Unidad 2. Procedimientos de formación de palabras....4
Unidad 3. El sustantivo....4
Unidad 4. El adjetivo calificativo....4
Unidad 5. Determinativos y pronombres....4
Unidad 6. El verbo....4
Unidad 7. Palabras invariables I: El adverbio....4
Unidad 8. Palabras invariables II: Preposiciones, conjunciones e interjecciones....4
Unidad 9. Los sintagmas....4
Unidad 10. La oración simple I: Enunciado y modalidad. Sujeto y predicado....4
Unidad 11. La oración simple II: CD, CI, CC....5
Unidad 12. La oración simple III: CR, Atrib, CPred, CAg....5
Relación co currículo....5
Relación coas competencias....5
Relación cos contidos do currículo....5
Metodoloxía e orientacións didácticas....6
Metodoloxía e orientacións didácticas xerais....6
Terminoloxía....6
Actividades....7
Secuenciación....7
Botones e iconos....8
Ejemplo de actividad comentada....9
Retroalimentación e avaliación....9
Retroalimentación....9
Cuestionarios....10
Libro de cualificacións....10
¿Qué é?....10
Ponderación e cualificación final....10
Bibliografía e referencias....10
Lingua castelá....10
Moodle....11
Hot Potatoes....11
Instalación....12
Instalación completa de gramaTICaula nunha Aula Virtual....12
Restaurar ou importar parte de gramaTICaula noutro curso....12
Engadir actividades Hot Potatoes a outro curso....13
Modificación....13
Actividades e etiquetas....13
Créditos....13

Introdución

O proxecto **gramaTICaula** é un conxunto de actividades interactivas sobre o bloque de contidos de "Conocimiento de la lengua" da área de Lingua castelá e literatura do primeiro ciclo de ESO que ten como soporte a plataforma de aprendizaxe Moodle. A súa finalidade e facilitar ao alumnado e ao profesorado o traballo sobre os contidos máis gramaticais desta etapa da ESO.
A idea partiu do emprego da Aula Virtual co alumnado e os iconvenientes de recoller actividades de diferentes orixes na web (diferentes terminoloxías, diferentes *interfaces*, non posibilidade de gardar os resultados, non graduación das actividades dun tema...).

Hot Potatoes



O programa elixido para elaborar as actividades foi este *veterano software* (comezou a súa viaxe no 1998) moi consolidado en todo o mundo no ensino de linguas estranxeiras. Os aspectos positivos que consideramos foron:

- **Manexo sinxelo**. En xeral, o seu emprego é moi simple e apenas precisa aprendizaxe.
- **Modularidade**. As actividades poden enlazarse entre si para facer secuencias didácticas, pero tamén é moi fácil cambiar a orde, suprimir as que non interesen ou intercalar outras diferentes polo medio.
- **Compatibilidade**. As actividades baséanse na linguaxe web (html, css e javascript), polo que o único que se require é un navegador, o que fai que sexa **multiplataforma** (Linux, Windows, Mac, Android,...). Non se precisa ningún *plugin* ou complemento para o navegador (do tipo *java* ou *flash*).
- **Integración con *Moodle***. Os resultados obtidos nas actividades quedan automáticamente gardados na Aula Virtual, e permiten facer un seguimento ou avaliación dos progresos do alumnado.

Aula Virtual

O obxectivo inicial deste proxecto era obter un obxecto educativo que permitise a aprendizaxe atendendo ás necesidades individuais do alumnado. Algunhas das avantaxes desta plataforma son:

- **Dispoñibilidade**. A plataforma de aprendizaxe Moodle está incorporada no sitio web de todos os centros galegos.
- **Integración**. Permite integrar recursos e actividades moi variados. Calquer contido na web pode ser incorporado á Aula Virtual.
- **Personalización**. É moi sinxelo de modificar e permite diseñar as unidades segundo as proprias necesidades.

Moodle ofrece moitas posibilidades didácticas para o traballo co alumnado (por medio de tarefas, glosarios, bases de datos, webquest....), sen embargo aidea era facer unha aula o máis autónoma e sinxela posible, que puidese ser empregada polo alumnado independientemente da corrección polo profesorado e por persoas con mínimos coñecementos de informática. Así, as actividades que se incorporan son todas autocorrectivas e con retroalimentación.

¿Por que contidos gramaticais?

A gramática pode chegar a resultar para o alumnado unha das partes menos atractivas da materia, en parte pola continua repetición dos mesmos contidos desde primaria, e por outro, porque moitas das actividades son repetitivas e *mecánicas* (buscar clases de palabras en textos, analizar morfolóxicamente palabras...). Neste sentido, o traballo por medio de actividades interactivas busca facer máis atractiva esta importante parte da lingua.

Os aspectos que considero positivos do traballo por medio de actividades interactivas son:

- O atractivo para o alumnado.
- A retroalimentación inmediata en varios niveis.
- O recoñecemento do traballo realizado (na Aula Virtual queda constancia do que teñen feito os alumnos e como o teñen feito, tanto por medio das cualificacións como por medio de diferentes tipos de informes nos que podemos ver en moitas actividades que erros tiveron).
- Atención á diversidade. O alumnado avanza segundo o seus coñecementos previos e o seu ritmo de aprendizaxe.
- Ortografía. As actividades de escritura por ordenador esixen escribir as palabras correctamente, sen errores ortográficos e co til. En moitas actividades tamén se insiste nos signos ortográficos de puntuación.

Obxectivos e contidos

Obxectivos

A finalidade básica do proxecto é que o alumnado poida aprender, practicar e consolidar algúns dos contidos de lingua castelá. Pode servir de reforzo tanto para as materias de Lingua castelá e literatura de 1.º e de 2º de ESO, como para o reforzo de lingua ou para que o alumnado traballe fora do centro educativo.

Non se precisan coñecementos especiais para comezar a empregar a Aula Virtual, se ben, o ideal e que cadaquén a modifique segundo a secuenciación dos contidos da súa programación didáctica. Máis adiante se dan as indicacións básicas de como facelo.

Obxectivos básicos

- Coñecer unha terminoloxía lingüística baseada en actividades de reflexión sobre o uso da lingua.
- Identificar as principais unidades da lingua (morfemas, clases de palabras, sintagmas, oracións, suxeito, complementos do predicado) e as súas clases (raíz, morfemas flexivos, prefixos, sufixos, palabras derivadas e compostas, acrónimos; sustantivos comúns e propios, abstractos e concretos...)
- Recoñecer en textos as unidades da lingua.

- Diferenciar unhas unidades de outras.
- Aprender a definir conceptos.
- Empregar a lingua con corrección.
- Empregar as TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.

Contidos

Os contidos corresponden aos aspectos máis gramaticais que se traballan en primeiro ciclo da ESO: a morfoloxía e a sintaxe. Ambos corresponden cos bloques de Conocimiento de la lengua del currículo da ESO.

Unidad 1. El morfema y la palabra.

Los morfemas. Raíz, familia léxica y morfemas flexivos. Los prefijos y los sufijos.

Unidad 2. Procedimientos de formación de palabras.

Palabras simples y primitivas, palabras derivadas, palabras compuestas, acrónimos, siglas y acortamientos.

Unidad 3. El sustantivo

El sustantivo. Características generales. Las clases de sustantivos

Unidad 4. El adjetivo calificativo

El adjetivo calificativo. Características generales. El grado de El adjetivo.

Unidad 5. Determinativos y pronombres

El artículo. Los demostrativos. Los numerales. Los posesivos. Los indefinidos. Interrogativos y exclamativos. Los pronombres personales. Los pronombres relativos.

Unidad 6. El verbo

El verbo. Características generales. Las formas en el personales. Perífrasis verbales y locuciones verbales.

Unidad 7. Palabras invariables I: El adverbio

El adverbio. Las clases de adverbios.

Unidad 8. Palabras invariables II: Preposiciones, conjunciones e interjecciones.

Preposiciones y locuciones prepositivas. Las conjunciones y las locuciones conjuntivas. Conjunciones coordinantes y subordinantes. La interjección y sus clases.

Unidad 9. Los sintagmas

El sintagma y sus clases. La construcción preposicional (Cprep). El sintagma nominal (SN) y su estructura: determinantes, núcleo, adyacentes y aposición. El sintagma adjetival (SAdj) y El sintagma adverbial (SAdv).

Unidad 10. La oración simple I: Enunciado y modalidad. Sujeto y predicado.

El enunciado. La modalidad. La oración simple. Sujeto y predicado. Sujeto omitido. Oraciones

impersonales. La voz pasiva.

Unidad 11. La oración simple II: CD, CI, CC

El complemento directo (CD) y oraciones transitivas e intransitivas. El complemento indirecto (CI). El complemento circunstancial (CC).

Unidad 12. La oración simple III: CR, Atrib, CPred, CAg

El complemento de régimen (CR). El atributo (Atrib) y el predicado nominal (PN). El complemento predicativo (Cpred). El complemento agente (CAg).

Relación co currículo

Relación coas competencias

Este proxecto ten relación directa con tres competencias: coa mellora da competencia comunicativa, coa competencia no tratamento da información e competencia dixital, e coa competencia en autonomía e iniciativa persoal.

Relación cos contidos do currículo

Fundamentalmente, este proxecto relaciónase co bloque 4 : O coñecemento da lingua, que refírese ao estudo formal do sistema lingüístico, á necesaria reflexión sobre o uso da lingua recapacitando sobre as súas formas e mecanismos.

Curso 1º ESO
Bloque 4. Coñecemento da lingua.
• Coñecemento das modalidades da oración e dos modos do verbo como formas de expresar as intencións dos falantes.
• Identificación e uso das formas lingüísticas da deíxe persoal (pronomes persoais, posesivos e terminacións verbais) en textos orais e escritos como cartas e normas.
• Identificación e uso reflexivo dalgúns conectores textuais, con especial atención aos temporais, explicativos e de orde e dalgúns mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais (pronomes persoais, posesivos e demostrativos) como léxicos (repeticións, sinónimos e elipses).
• Recoñecemento e uso coherente das formas verbais nos textos, con especial atención aos tempos de pretérito na narración.
• Recoñecemento do funcionamento sintáctico de verbos de uso frecuente a partir do seu significado, identificando o suxeito e os complementos do verbo, constatando a existencia de complementos necesarios ou argumentais fronte aos non necesarios ou circunstanciais; comprensión dunha terminoloxía sintáctica básica: oración; suxeito e predicado; predicado nominal e predicado verbal.
• Uso de procedementos para compoñer os enunciados cun estilo cohesionado, especialmente a inserción na oración de expresións con valor explicativo, como a aposición, o adxectivo e a oración de relativo.
• Distinción entre palabras flexivas e non flexivas e recoñecemento das distintas categorías gramaticais e dos mecanismos de formación de palabras (composición e derivación).
• Interpretación das informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios escolares e outras obras de consulta, especialmente sobre clases de palabras, relacións semánticas de léxico (sinonimia, antonimia...) e normativa.

Curso 2º ESO
Bloque 4. Coñecemento da lingua.
• Recoñecemento das diferenzas contextuais e formais relevantes entre comunicación oral e escrita e entre os usos coloquiais e formais nos discursos alleos e na elaboración dos propios.
• Recoñecemento dalgúns significados contextuais que poden adquirir as modalidades da oración.
• Identificación e uso das formas de deíxe persoal, temporal e espacial (demostrativos, adverbios de

tempo e de lugar) en textos orais e escritos.
• Identificación e uso reflexivo dalgúns conectores textuais, como os de orde, explicativos e de contraste, e dalgúns mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais (substitucións pronominais) como léxicos, especialmente as elipses e o uso de hiperónimos de significado concreto.
• Recoñecemento e uso coherente das formas verbais nos textos, con especial atención aos distintos valores do presente de indicativo.
• Recoñecemento do funcionamento sintáctico do verbo a partir do seu significado, identificando o suxeito e os complementos do verbo, distinguindo entre argumentais e non argumentais; transformando oracións para observar diferentes papeis semánticos do suxeito (axente, causa, paciente). Utilización dunha terminoloxía sintáctica básica: oración; suxeito e predicado; predicado nominal e predicado verbal; suxeito, verbo e complementos; axente, causa, paciente.

Metodoloxía e orientacións didácticas

Metodoloxía e orientacións didácticas xerais

As actividades de cada secuencia didáctica están ligadas, de xeito que cando un alumno remata unha salta a seguinte. Cando se volve á páxina principal do curso, é porque se considera que vai a haber un cambio nos contidos. Neste caso, o mellor sería que o alumnado refixese as actividades feitas nas que tivo maior dificultade. Para incentivar os a facer isto, a cualificación que se garda é sempre a máis alta.

As cualificacións das actividades son moi relativas, xa que nalgunhas, facéndoas ao azar pode obterse máis dun 50%. Polo tanto hai que insistir ao alumnado que para demostrar que entenderon os contidos deben sacar unha nota o máis alta posible (a cualificación que se garda é sempre a máis alta).

Nas actividades Hot Potatoes de tipo cuestionario (JQuiz) hai retroalimentación tanto para as respostas correctas como para as respostas erradas. Ainda que acerten coa resposta correcta, poden ter dúbidas de por qué as outras están erradas; neste caso, pode premerse nas outras respostas sen que afecte á cualificación.

Terminoloxía

É paradóxico que a materia que máis debe preocuparse polas palabras teña tantos problemas para poñerse de acordo nunha terminoloxía común no ensino da lingua.

Se ben hai casos nos que pode non supoñer excesivo problema a terminoloxía (por exemplo, entre determinativo e adxectivo determinativo, quizais algo máis con determinante) no caso da sintaxe abundan os tecnicismos lingüísticos que cambian entre un libro de texto e outro, xustificables pola teoría lingüística seguida, pero que na práctica, na ESO, pouco cambio supoñen no ensino. (dentro dun GN/SN, o Ady/Mod/CN son case sempre o mesmo). Se ben, en xeral a terminoloxía empregada é a da *Nueva Gramática de la RAE*, debido á tradición no meu contorno de ensino, seguíuse co tradicional emprego de *sintagmas* en vez de *grupos de palabras*.

Actividades

Secuenciación

Os contidos do bloque Coñecemento da lingua do currículo para LCL son moi similares entre primeiro e segundo da ESO, polo que permiten varios tratamentos como se pode percibir nos diferentes libros de texto. Por exemplo: nalgúns manuais a parte de morfoloxía ocupa unha ou máis unidades específicas, mentres que noutros aparece espallada ao longo de todo o curso; nalgúns, a sintaxe apenas se trata en primeiro de ESO mentres que noutros ocupa un trimestre enteiro. Debido a isto, os contidos aparecen distribuidos por bloques de contidos seguindo a tradicional distinción entre morfoloxía e sintaxe.

No caso de querer un Aula Virtual para primeiro da ESO e outra para segundo, a idea é que cadaquén faga a súa distribución dos contidos e das actividades tendo en conta a programación didáctica do seu centro.

A secuencia básica de cada unidade é a seguinte:

- Cuestionario inicial.
- As actividades iniciais dentro de cada apartado persiguen aprender ou afianzar os conceptos básicos, e o obxectivo é que as fagan todo o alumnado.
- As actividades seguintes xeralmente persiguen a profundización e estarían destinadas ao alumnado que xa teñe superadas as primeiras.
- Ao final dalgúns temas aparecen actividades de repaso.
- Cuestionario final.

Para alumnado con dificultades de aprendizaxe, nas ligazóns suxírense actividades interactivas moi básicas (na maioría dos casos de EP).

Botones e iconos

En la mayoría de las actividades aparecen unas instrucciones el uso de los botones.

Principales botones		
	Verificar	Una vez finalizada una actividad, pulsa en este botón para que se corrija.
	Pista	Da una pista sobre la respuesta del ejercicio.
+a...	**Añadir letra**	Añade una letra de la respuesta en uno de los huecos. Si había algo escrito, borra lo incorrecto.
	Reiniciar	En las actividades de ordenar palabras, reinicia el ejercicio.
	Mostrar todo	En las actividades de cuestionario sirve para mostrar todas las preguntas.

Los principales iconos que van a aparecer en las actividades son los siguientes:

Principales iconos		
	Instrucciones	Aporta instrucciones sobre los botones de la actividad.
	Escribir	Actividad de escribir
	Encontrar	Actividad de localizar palabras pulsando sobre ellas. No hace falta pulsar sobre ningún botón.
	Encontrar y corregir	Actividad de localizar palabras pulsando sobre ellas y corregirlas. Al finalizar la actividad, hay que pulsar sobre el botón .
	Lista	Actividad con lista desplegable de opciones. Al finalizar la actividad, hay que pulsar sobre el botón
	Emparejar	Actividad de emparejar elementos arrastrando los de la columna de la derecha. Al finalizar hay que pulsar sobre el botón

Ejemplo de actividad comentada



En la mayoría de las actividades, solamente aparece el botón de comprobar la actividad una vez finalizada:

Retroalimentación e avaliación

Retroalimentación

As actividades son interactivas, polo que todas permiten saber se está ben ou mal o que se fai. En cuanto á retroalimentación podemos diferenciar as actividades de aprendizaxe, con retroalimentación tanto para os erros como para os acertos, de aquelas que simplemente buscan que o alumno practique o aprendido, nas que se lle informa dos erros e acertos.



Cuestionarios

Ao principio e ao final de cada unidade hai un cuestionario que pode empregarse coma avaliación inicial e final, xa que as súas preguntas están extraídas das actividades que se traballan en cada unidade. Faltarían moitas mais preguntas e moi importantes, pero non tiven tempo para máis.

Hai dúas diferenzas entre o cuestionario inicial e o final:

A **extensión**: o cuestionario inicial é máis breve.

A **retroalimentación**. O cuestionario inicial busca espertar o interese polo que non se coñece, mentres que o cuestionario final, a parte do seu valor evaluativo, intenta ser formativo e servir de repaso do traballado en cada unidade. Nos dous casos hai preguntas fixas sobre contidos que se consideran fundamentais do tema, e hai preguntas aleatorias, que fan que cada tentativa sexa diferente á anterior.

As preguntas dos cuestionarios están organizadas dentro do banco de preguntas do curso e cadaquén pode elaborar os seus proprios cuestionarios.

Libro de cualificacións

¿Qué é?

As actividades Hot Potatoes están integradas en Moodle, polo que cada actividade que realiza o alumno queda rexistrada no seu caderno de cualificacións. Sen embargo, as actividades JMatch, variante Short (que son poucas no curso), debido a tratarse dunha modificación recente, aínda non rexistran correctamente os seus resultados en Moodle. A cualificación que pode ver o alumno durante a actividade si que que é correcta, pero cando revisa o apartado de Hot Potatoes os resultados superan o 100%. Para que o resultado fose acorde co resto, cambiouse a puntuación dentro dos axustes de cada actividade, polo que os resultados son do tipo 100/20, 100/25...

Dentro das cualificacións, as actividades e os cuestionarios están agrupadas xerárquicamente seguindo a orde de aparición no curso e aparecen todas independientemente de que a unidade ou a actividade estén ocultas dentro da ventana principal da Aula Virtual. Para ocultar ao alumnado as cualificacións dos bloques de contidos que non se traballen debe premerse na icona do ollo á dereita

Ponderación e cualificación final

A ponderación das cualificacións está sen axustar. O ideal sería poñer un peso a cada unha acorde ao traballo esixido ao alumnado, e que logo fagan media na categoría, puidéndose optar por eliminar automáticamente unha ou duas das notas máis baixas.

Bibliografía e referencias

Lingua castelá

GÓMEZ TORREGO, Leonardo. *Análisis morfológico: Teoría y práctica*. Madrid: SM, 2ª edición 2011.
GÓMEZ TORREGO, Leonardo. *Análisis sintáqctico: Teoría y práctica*. Madrid: SM, 3ª edición 2011.
GÓMEZ TORREGO, Leonardo. *Gramática didáctica del español*. Madrid: SM, 2007.
REAL ACADEMIA ESPAÑOLA Y ASOCIACIÓN DE ACADEMIAS DE LA LENGUA ESPAÑOLA. *Ortografía*

de la lengua española. Madrid: Espasa Calpe, 2010.
http://aplica.rae.es/orweb/cgi-bin/buscar.cgi
REAL ACADEMIA ESPAÑOLA Y ASOCIACIÓN DE ACADEMIAS DE LA LENGUA ESPAÑOLA. *Nueva gramática de la lengua española*. Madrid: Espasa Calpe, 2010.
http://aplica.rae.es/grweb/cgi-bin/buscar.cgi
REAL ACADEMIA ESPAÑOLA Y ASOCIACIÓN DE ACADEMIAS DE LA LENGUA ESPAÑOLA. *Diccionario panhispánico de dudas*. Madrid: Santillana, 2005.
http://lema.rae.es/dpd/?key=
REAL ACADEMIA ESPAÑOLA Y ASOCIACIÓN DE ACADEMIAS DE LA LENGUA ESPAÑOLA. *Nueva gramática básica de la lengua española*. Barcelona: Espasa, 2011.

También empregáronse como obras de consulta para ver o tratamento didáctico dos temas os libros de texto de 1º y 2º de ESO de diferentes editoriais (Oxford, SM, Anaya...)

Moodle

Para a versión actual de Moodle da Xunta de Galicia:

Manual básico:

- González de Felipe, Ana Teresa. Guía de apoyo para el uso de Moodle 1.9.4 (usuario profesor). EUITIO. Universidad de Oviedo:

Manual moi completo:

- Lara Fuillerat, José Manuel. Moodle. Manual de referencia para el profesorado (1.9). 2009

Hot Potatoes

En https://hotpot.uvic.ca/tutorials6.php pódense atopar os principais tutoriais sobre este programa realizados polos seus autores. Os que se seguiron:

Titoriais

- Standard Tutorial for Windows
- How to write good multiple-choice questions
- How to write good multiple-select questions
- How to make shuffling questions in JCloze
- Hacking Hot Potatoes: A detailed workshop with ten examples
- Hacking in Hot Potatoes: A little knowledge brings a lot of power
- How to edit the source files
- Documentation of source files and placeholders

Ademais deste titoriais, o seguinte libro aporta numerosos consellos:

BOGDANOV, Stan. *Hacking Hot Potatoes. The Cookbook*. New Bulgarian University, 2013.

O autor reuniu toda a tipoloxía de actividades Hot Potatoes existente na seguinte dirección:

- http://ewbooks.info/hotpot/add-ons

Instalación

Instalación completa de *gramaTICaula* nunha Aula Virtual

1. Unha persoa con permisos para crear novos cursos dentro da Aula Virtual premerá no botón ***Restaurar*** dun curso xa existente.

2. Subirá o arquivo ***gramaticaula.zip***

3. Unha vez subido, nas opcións que amosa o arquivo, pulsará en ***Restaurar***.

4. Aceptar cando se pida confirmación.

5. Ao chegar a seguinte ventá, seleccionar a opción **Restaura a Nuevo curso** e darlle a **Continuar** na parte inferior da páxina.



6. Aceptar cando se pida confirmación, e xa está.

Restaurar ou importar parte de *gramaTICaula* noutro curso

Moodle non permite importar por temas, senón que hai que seleccionar os elementos un a un. Cando se importa, os contidos aparecen no número de tema no que estaban na unidade orixinal. Por isto, se quéresen engadir contidos concretos a unha unidade determinada dun curso xa existente, o aconsellable sería mover a unidade orixinal ao número que se queira.

Para restaurar, seguir os pasos da instalación completa e no paso 6 seleccionar os contidos desexados.

Se **gramaTICaula** xa está instalada na Aula Virtual, pódese facer por medio do botón **Importar** no bloque de Administración.

A continuación, darlle ao botón “Importar” e seleccionar os contidos que se desexen, que están ordenados segundo o curso.

Engadir actividades Hot Potatoes a outro curso

As actividades Hot Potatoes están organizadas por cartafoles segundo os contidos. Dentro de cada cartafol, ademais das actividades, están as iconas e a folla de estilo. Para coller soamente algunha actividade, habería que mover a carpeta completa da unidade ao curso, e logo seguir os seguintes pasos:

1. Premer en **Activar edición**.
2. Seleccionar **Añadir actividad → Cuestionario Hot Potatoes**
3. Realizar os axustes que se consideren convenientes.

Modificación

Actividades e etiquetas

Calquer elemento dentro dunha unidade da Aula Virtual pódese **mover, editar, ocultar ou eliminar**

1. Premer en **Activar edición**.
2. Premer na icona desexada.

Créditos

As imaxes empregadas son de dominio público:

https://commons.wikimedia.org/wiki/File:French_ship_under_atack_by_barbary_pirates.jpg

https://commons.wikimedia.org/wiki/File:El_beso%28Gustav_Klimt%29.jpg

https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Hieronymus_Bosch_-_The_Garden_of_Earthly_Delights_-_Prado_in_Google_Earth-x2-y1.jpg